

**De:** Xunta de Persoal do 061 da Área Sanitaria de Santiago de Compostela.  
**A:** Directora Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde

Santiago de Compostela, 27 de Marzo de 2015

O 24 de marzo de 2015 o Presidente da Xunta de Galicia, acompañado pola Conselleira de Sanidade e o Director do 061, visitaron no Concello de A Estrada o novo Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia da Axencia Galega de Emerxencias. Durante esta visita o Presidente da Xunta de Galicia anunciou que “de xeito inmediato pero por fases” trasladaranse a esta nova sede en torno a 250 persoas vinculadas á Axencia Galega de Emerxencias 112 e ao 061.

Ante esta información a Xunta de Persoal do 061 da Área Sanitaria de Santiago de Compostela non pode senón manifestar o seu estupor ao ser notificados por unha nota de prensa do posible traslado forzoso dos traballadores do 061 a A Estrada.

Dirixímonos a vostede para solicitar toda a información referente a este traslado “inmediato pero por fases”:

- Que traballadores do cadro de persoal do 061 están afectados?
- En que prazos e datas se realizará?
- Que condicións de traballo terá o persoal trasladado?
- O traslado suporá diminución de postos de traballo?

Queremos manifestarlle que os traballadores do 061 reunidos en asemblea rexeitaron por unanimidade este traslado ao non encontrarlle beneficios nin para a sociedade nin para os propios traballadores, e, supondo esta decisión unilateral unha diminución gratuíta da calidade de vida dos traballadores e as súas familias.

Finalmente, solicitámoslle unha reunión co fin de aclarar todos estes asuntos.

Atentamente,

  
Xunta de Persoal do 061 da Área Sanitaria de Santiago de Compostela

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO DE SANIDADE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 01/04/2015 10:14:45

ENTRADA 9197 / RX 623114

